

Biblioteca IES "As Mariñas"



¡Coidado, pinta!

La joven de la perla Tracy Chevalier



Na segunda metade do século XVII, o pintor Johannes Vermeer inmortalizou nunha tea unha fermosa moza adobiada cun turbante e un pendente de perla. Os seus labios parecen

esbozar un sorriso sensual, pero os seus ollos irradian a tristura máis profunda. Tamén tes a película a túa disposición na biblioteca.

Un detective en el museo Anna Nilsen



O vixilante da Town Gallery está metido nun problema... un grave problema. ¡Algúns dos cadros máis prezados foron substituídos por vulgares copias! Por iso precisa da axuda dun detective avezado. ¡Quizais ti podas axudalo!

Oxalá sexa así, xa que o futuro da Galería está nas túas mans.

Conten máis de 35 cadros da Nacional Gallery de Londres

Inclue unha explicación de cada cadro e un glosario de términos artísticos

Xaneiro 2007

Neste boletín:

- Propostas de lectura
- Propostas de películas
- Concurso marcapáxinas
- Museo da Estampa de Betanzos
- Poema para gravado
- A pintura na biblioteca
- A nosa biblioteca
- Este mes...

Las mujeres, que leen, son peligrosas



Stefan Bollmann

Relegadas tradicionalmente a un papel secundario e decote pasivo na sociedade, as mulleres atoparon moi pronto na lectura un xeito de rachar coas estreitezas do seu mundo. A porta aberta ao coñecemento, a imaxinación, o acceso a outro mundo, un mundo de liberdade e independencia, permitiulles desenvolverse e adoptar, paseniñamente, novos roles na sociedade. A través dun percorrido polas numerosas obras de arte que reflicten a estreita relación entre libros e mulleres, Stefan Bollmann réndelles unha sentida homenaxe ás mulleres e confirma o excepcional poder que confire a lectura.

res e confirma o excepcional poder que confire a lectura.



Mira a pintura a través dos séculos


Caroline Desnoëttes

Percorrido por 18 cadros de distintos tipos pictóricos, dende o gótico do século XIV á arte abstracta do século XX.

El judas de Leonardo


Leo Perutz

Milán, 1498. Leonardo da Vinci está a rematar a súa Derradeira Cea para Santa María delle Grazie, un fresco no que leva tres anos traballando. Pero topa cun último obstáculo: o mestre non dá cun modelo en que inspirarse para o rostro de Xudas.



Frida Kahlo

Mexico (1907-1954)



Pintora mexicana que realizou principalmente autorretratos, en que empregaba unha fantasía e un estilo inspirados na arte popular de seu país.

Aos 16 años resultou gravemente ferida nun accidente e comenzo a pintar durante a súa recuperación. En 1929 casou con Diego Rivera e influída pola obra do seu home aoptou o emprego de zonas de cor amplias e sinxelas plasmadas nun estilo deliberadamente inxenuo. Quería que a súa obra fose unha afirmación da súa identidade mexicana e por iso recorría frecuentemente a técnicas e temas tirados do folklore e a arte popular do seu país. Os seus cadros representan fundamentalmente a súa experiencia persoal, los aspectos dolorosos da súa vida que transcorreu en grande parte postrada unha cama.

Pra saber máis da súa vida e da súa obra, Dvd **FRIDA**. E tamén na biblioteca o libro “Historias de mujeres” de Rosa Montero.

Eliécer Cansino

Velaquí as confesións de Nicolás Perusato, un mozo a quen o fado obrigou a participar nuns sucesos extraordinarios e ata hoxe ignorados. Este mozo que aparece retratado en Las Meninas evoca a súa vida, a loita por manter a súa dignidade malia a súa particular condición física e, finalmente, a súa enigmática relación co pintor Velázquez, que o levará a cometer unha difícil empresa.

El misterio de Velázquez

Velázquez realizou esta pintura en 1656.

A escena transcorre dentro dunha estancia do Alcázar de Madrid, decorada cunha serie de cadros. As personaxes agrúpanse nun primeiro plano en que a figura principal, a infanta Margarida, ocupa a parte central do grupo.



La tabla de Flandes

Arturo Pérez-Reverte



A finais do século XV un vello mestre flamengo introduce nun dos seus cadros, en forma de partida de xadrez, a clave dun segredo que puido cambiar a historia de Europa. Cinco séculos despois, unha moza restauradora de arte, un anticuario homosexual e un excéntrico xogador de xadrez unen as súas forzas para tratar de resolver o enigma. A investigación conduciraos a través dunha apaixonante pescuda en que os movementos do xogo irán abrindo as portas dun misterio que rematará por envolver todos os seus protagonistas.

Para coñecer mellor os pintores e a súa pintura haberá unha exposición de libros na mesa da biblioteca, alí poderedes encontrar a : Rembrandt, Velázquez, Renoir. Manet, Monet, Tiziano, Goya, Luguís,... e moitos outros.

E sempre poderedes curiosear no andel onde se atopan todos os libros de pintura, tanto para velos na biblioteca como para solicitar o seu préstamo. CDU 75



Concurso marcapáxinas biblioteca



Que marcapáxinas che gustaría ter para os teus libros?

Seguramente tes algún modelo en mente pe-
ron non o dás atopado? Por que non o dese-
ñas e nolo envías?

Andamos a busca do marcapáxinas que em-
pregaremos durante o 2007!

Pode participar todo o alumnado. Habrá 2 categorías: Eso e Bacharelato e Ciclos.

A data límite para presentar os traballos será o 20 de febreiro.

Figurarán obrigatoriamente o nome do instituto que se acompañará dun de-
buxo que sexa representativo da biblioteca.

Os autor o autoras dos marcapáxinas elexidos recibirán un agasallo.

Anímate! Tal vez o teu é o gañador

Se tes dúbidas, pregunta na biblioteca.

Museo da Estampa Contemporánea

Os titores dos primeiros cursos da Eso levarán os seus alumnos e alumnas a visitar o Museo da Estampa. Alí des-
pois da visita farán un pequeno grava-
do que poderemos ver os vindeiros
días no instituto.

Este museo que está aberto dende o
ano 1997 alberga obras de Pablo Picas-
so, Salvador Dalí ou Joan Miró entre
outros. Conta ademais con tres salas
monográficas adicadas aos artistas
Jesús Núñez, Luís Seoane e Amadeo
Gabino.



Fundación C.I.E.C.

Rúa do Castro, 2

Betanzos

A leiteira de Vermeer



... A miña nai era leiteira. Tiraba dun carriño con dous grandes xerros de cinc. O leite que repartía era o das vacas do meu avó Manuel, de Corpo Santo, a unha ducia de quilómetros da cidade. Este meu avó, cando era mozo, tivo un día na man a

pluma de escribir do párroco e dixo: "¡Qué letra máis bonita tería se soubera escribir!" . E aprendeu a facelo cunha fermosa letra de formas vexetais. Por encargo das familias, fixo centos de cartas a emigrantes. Na súa mesa escritorio vin por vez primeira, en postal, a Estatua da Liberdade, as fervenzas do Iguazú e un xinete gaúcho pola Pámpa. Nós viviamos no barrio de Monte Alto da Coruña, nun baixo da rúa de Santo Tomás, tan

Catro poemas pra catro gravados

(Lorenzo Varela)

Gravados de Luís Seoane



A RUI XORDO

Aramos sobre os mortos nesta terra
i o noso pan ten un sabor de ósos
familiares, irmáns. O monte berra
Baixo do arado, e chámannos os nosos
Desde a morte con voces conocidas:
"Nin marqueses, nin cregos, nin doutores
Fixeron as ribeiras verdecidas,
nin o guerreiro coiro dos tambores.
Os condados do polvo son dos mortos
e quen queira ser dono desta terra
que veña navegando aos nosos portos.
Os que pidan o fruto sin labores,
Si non morren de seu, morran de guerra,
e desta terra, así, serán señores".

baixo que había cascudas con refuxio
nas baldosas movidas. Ás veces xogaba
contra elas, situándoas no exército
inimigo. Eu coñecía o medo, pero non
o terror. Voulles contar como tomei
contacto co terror.

¿Que me queres, amor?

Manuel Rivas

A Nosa Biblioteca 3.0

O noso blog pinta moito na biblioteca, porque está feito por ti e para ti. Como una demostración continua de que o acceso ás novas tecnoloxías non é un asunto de elites nin privilexiados.

Podes deixar unhas pinceladas dos teus comentarios, das túas opinións, de toda a información que queiras aportar e compartir cos demais.

Descubre a forza dunha ferramenta simple, doada e asequible. Emprega a túa propia paleta de cores e ilustra o noso blog coa túa arte.

biblioweb.blogspot.com

Este mes.....



O 30 de xaneiro celébrase **O Día Mundial da Paz e a Non Violencia**. Nesta data conmemórase a morte de Mahatma Gandhi, que morreu o 30 de xaneiro de 1948, asasinado a tiros por un fanático hinduista.

Gandhi foi un líder nacionalista, pero, por riba de todo, foi un defensor da igualdade e da xustiza. Loitou con grande ímpetu tanto para lograr a independencia da India (1947) como para acabar coas desigualdades que padecía a sociedade do seu país. Nunha sociedade tan estratificada como a hindú, púxose da parte dos intocables— caste privada de todo dereito—e predicou a admisión de todos os individuos como membros da sociedade.

Outros premios Nobel da Paz: [Médicos sen fronteiras](#) [Campaña internacional para a prohibición das minas antipersoas](#) [Amnistía Internacional](#) [Asociación Internacional de Médicos para a prevención da guerra nuclear](#) [Alto Comisionado das Nacións Unidas para os refuxiados \(ACNUR\)](#) [UNICEF](#) [Comité Internacional da Cruz Vermella](#) [Casco azul](#), [Forzas de Paz das Nacións Unidas](#) [Oficina Internacional pola Paz](#)
